

Dna. **MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RÍO**, Secretaria do Concello de Ponte Caldelas, provincia de Pontevedra.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data **14 de agosto de 2024**, adoptou, o seguinte acordo:

3.1.- Aprobación proposta de adxudicación de “Obras de Melloras e Reforma en Oito Camiños e Rúas Municipais de Ponte Caldelas”.

Dáse lectura da seguinte:

Expediente núm.: 1263/2024

Procedemento: Contrato de “EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORAS E REFORMA EN OITO CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS DE PONTE CALDELAS”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

ANANTECEDENTES E FINANCIAMENTO:

- Proxecto de execución de “Melloras e Reformas en Oito Camiños e Rúas Municipais de Ponte Caldelas”, de abril de 2024, do arquitecto Carlos Daniel Besada Ferreiro.
- Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 14 de xuño de 2024, polo que se concede ó Concello de Ponte Caldelas unha subvención para a execución do proxecto “Obras de mellora e Reforma en 8 Camiños e Rúas Municipais de Ponte Caldelas”, ó amparo do Plan + Provincia 2024.
- Resolución de Alcaldía n.º 702 de data 20 de xuño de 2024 de xeración de créditos na aplicación presupostaria 454/619.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2024 de aprobación do proxecto redactado por Carlos D. Besada Ferreiro en data abril de 2024.
- Acta de trazado previo asinada en data de 02/04/2024.
- Memoria xustificativa do contrato asinada en data 04/07/2024.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de 04/07/2024
- Acordo da Xunta de Goberno Local de 04/07/2024 de aprobación do proxecto técnico.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de 04/07/2024 de inicio do expediente de contratación.
- Informe de Intervención n.º 88 de data 09/07/2024.
- Informe de Secretaría n.º 71 de data 09/07/2024.
- Acordo de Xunta de Goberno Local de 11/07/2024 de aprobación de expediente de contratación.
- Acta de 01/08/2024 da mesa de contratación propoñendo como adxudicatario á empresa CONSTRUCCIÓN E EXCAVACIÓN MANUEL PÉREZ PORTELA SL , con CIFB36239861, ofertado como prezo de licitación 164.020,66 €, máis un IVE de 34.444,34 €, total: 198,465,00€ e unha ampliación do prazo de garantía da obra en 4 anos (facendo un total de 6 anos de garantía).
- Presentación de documentación requirida pola empresa CONSTRUCCIÓN E EXCAVACIÓN MANUEL PÉREZ PORTELA SL, así como a garantía definitiva por importe de 8.201,03 €.

FINANCIAMENTO

- Plan + Provincia da Deputación de Pontevedra: 241.625,02 € (inclúe redacción de proxecto e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde).

Examinados os antecedentes arriba recollidos, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local que aprrobe:



PRIMEIRO. Adxudicar o Contrato de obras por procedemento aberto simplificado á oferta economicamente máis vantaxosa para a obra “Obras de mellora e Reforma en 8 Camiños e Rúas Municipais de Ponte Caldelas” presentada por CONSTRUCCIÓNS E EXCAVACIÓNS MANUEL PÉREZ PORTELA SL , con CIFB36239861, ofertando como prezo de licitación 164.020,66 €, máis un IVE de 34.444,34 €, total: 198,465,00€ e unha ampliación do prazo de garantía da obra en 4 anos (facendo un total de 6 anos de garantía).

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente con cargo ao orzamento en vigor.

TERCEIRO. Nomear como director da obra e coordinador de seguridade e saúde a D. Carlos Daniel Besada Ferreiro.

CUARTO. Requiritr á empresa CONSTRUCCIÓNS E EXCAVACIÓNS MANUEL PÉREZ PORTELA SL para a sinatura do contrato, debendo efectuarse non máis tarde dos sete días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación, na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

QUINTO. Requiritr á empresa CONSTRUCCIÓNS E EXCAVACIÓNS MANUEL PÉREZ PORTELA SL para que, tal e como se establece no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e na autorización concedida pola Deputación de Pontevedra, se proceda a facer efectiva a fianza estipulada de 6000 € (perante á Deputación de Pontevedra) **“previamente ao inicio das obras, requisito sen o cal esta autorización carecerá de validez”**. Deberán de presentar xustificante de ter levado a cabo este trámite.

SEXTO. As obrigas de publicidade son as recollidas na cláusula M do cadro resumo do PCAP.

SÉTIMO. Que se notifique aos licitadores e se publique o presente acordo na Plataforma de Contratos del Estado.

O Alcalde,
Andrés Díaz Sobral

Visto o expediente arriba reseñado e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, das delegacións do Pleno na Xunta de Gobierno Local e do Decreto da Alcaldía nº 642 de 22 de xuño de 2023:

A Xunta de Gobierno Local ACORDA A SÚA APROBACIÓN por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as asistentes.

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Visto e Prace
O Alcalde,
Asdo.: Andrés Díaz Sobral

A Secretaria ,
Asdo.: M^a Beatriz Del Cerro Del Río

